



**Departamento
de Orientación** 

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

CURSO 2022-2023

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES DO CASTRO

Índice

- 1. Xustificación**
- 2. Marco legal**
- 3. Análise do contexto e diagnóstico de necesidades**
- 4. Estrutura do departamento**
 - 4.1.1. Constitución do departamento de orientación
 - 4.1.2. Funcionamento
 - 4.1.3. Situación e recursos materiais
- 5. Funcións do departamento e obxectivos xerais**
- 6. Accións prioritarias**
 - 6.1.1. Actuacións respecto ao centro
 - 6.1.2. Actuacións respecto ao profesorado
 - 6.1.3. Actuacións respecto al alumnado
 - 6.1.4. Actuacións respecto das familias
 - 6.1.5. Actuacións respecto do centro adscrito
 - 6.1.6. Actuacións respecto doutros organismos
- 7. Estratexias de Intervención**
 - 7.1. Plan de Acción Titorial (PAT)
 - 7.1.1. Obxectivos xerais
 - 7.1.2. Actuacións
 - 7.2. Plan de Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe e Atención á Diversidade (PXAD)
 - 7.2.1. Obxectivos xerais
 - 7.2.2. Actuacións
 - 7.3. Plan de Orientación Académica Profesional (POAP)
 - 7.3.1. Obxectivos xerais
 - 7.3.2. Actuacións
- 8. Temporalización**
- 9. Metodoloxía**
- 10. Recursos**
- 11. Avaliación, seguimento e memoria final do Plan de Orientación**

ANEXO I: Programación de actividades 2022/2023

ANEXO II: Previsión de actividades complementarias e extraescolares curso 2022/2023

1. XUSTIFICACIÓN

A **orientación educativa** é un proceso de axuda que se dá na actividade educativa. O seu obxectivo é o de contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a, co fin de capacitarlle para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade.

Polo tanto, entendemos que a orientación consistirá nun proceso de análise e tratamento de situacións educativas, baseándose na axuda e asesoramento a toda a comunidade educativa. Este proceso, para ser eficaz, ten que ser sistemático, planificado e asumido por todos (D.O., equipo directivo, profesorado, familias, etc.); non debemos esquecer, así mesmo, que **a orientación e a acción tutorial son intrínsecas á práctica pedagóxica de todo docente**.

O departamento de orientación, no desenvolvemento das súas actividades, debe asegurar o seguimento e apoio do proceso de aprendizaxe en cada alumno/a e facilitarlle a súa toma de decisións académicas e profesionais, respectando a autonomía dos centros e, a necesaria adecuación dos plans de traballo do orientación ás peculiaridades do seu contorno educativo.

Polo tanto, a orientación deberá propor solucións educativas axeitadas ás características e necesidades do alumnado. Este obxectivo será imposible de conseguir se non se establece un plan de actuación conxunto entre todos os sectores implicados no proceso educativo.

A nivel legal, a Orientación Educativa e Profesional no ensino secundario desenvólvese nos tres niveis que estruturan a organización escolar:

- Na aula, a acción tutorial.
- No centro, o departamento de orientación.
- No sistema educativo, os servizos externos: Equipos de Orientación Específicos.

No que se refire ao modelo de intervención do departamento de orientación, tratarase de adecualo ás necesidades que vaian xurdindo, intentando introducir de forma progresiva un modelo de intervención a través de programas. Isto require unha implicación e organización do centro que facilite este tipo de intervención (flexibilización do currículo, horario para a titoría grupal, horas de coordinación dos diferentes axentes de intervención orientadora,...).

Para dar resposta, o departamento actuará en tres ámbitos interrelacionados:

- ✚ **Acción Tutorial (PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL)**.
- ✚ **Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe - Atención á diversidade (PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE)**.
- ✚ **Orientación Académica-Profesional (PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL)**.

En cada un destes ámbitos especificaranse os obxectivos que se pretenden e as actuacións a levar a cabo para conseguilos.

2. MARCO LEGAL

A orientación educativa atópase regulada polo seguinte marco legal:

- **Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación.**
- **Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.**
- **Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, por la que se modifica a LOE de 2006**
- **Decreto 324/1996, de 26 de xullo** polo que se aproba o Regulamento dos Institutos de Educación Secundaria.
 - **Orde de 1 de agosto de 1997**, pola que se desenvolve o Decreto 324/1996.
 - **Decreto 120/1998, de 23 de abril** polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
 - **Decreto 229/2011, do 7 de decembro** polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
 - **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro
 - **Decreto 13/2022, de 3 de febreiro**, por el que se regula la admisión de alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
 - **Decreto 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten ensinos de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a Orde do 12 de marzo de 2013 de desenvolvemento de leste, modificada parcialmente pola Orde do 25 de xaneiro de 2017, articularon desde o ano 2012 o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes públicos e privados concertados para garantir o dereito á educación e o acceso en condicións de igualdade.
 - **Orde do 6 de setembro de 2007**, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - **Decreto 86/2015 do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - **Resolución do 26 de maio de 2022**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
 - **Real decreto 217/2022, do 29 de marzo**, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, e o **Real decreto 243/2022, do 5 de abril**, polo que se

establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, estableceron a ordenación e as ensinanzas mínimas desas etapas e regularon que as modificacións introducidas no currículo, a organización e os obxectivos desas etapas se implantarán para os cursos impares no curso escolar 2022/23, e para os cursos pares no curso escolar 2023/24.

▪ **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nos ensinos de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O **IES DO CASTRO** está situado na cidade de Vigo (Pontevedra), foi un dos últimos institutos aberto no centro da cidade. Naceu para atender a gran demanda de prazas de ensino medio no centro da cidade de Vigo debido ao incremento da poboación nas décadas dos anos 70 e 80, e comezou a funcionar nos primeiros anos da década dos 90 do século pasado. Acolle alumnado de procedencia urbana que vive nas rúas próximas ao instituto entre Beiramar e a Gran Vía. No curso 1996-97 inicia a súa escolarización no centro o alumnado do 1º ciclo ESO.

A maioría do alumnado da ESO, sobre todo nos dous primeiros cursos desta etapa, procede do CEP DR. FLEMING. Nos últimos anos a porcentaxe de alumnado de procedencia estranxeira, fundamentalmente de orixe sudamericana, baixou practicamente a metade. Soamente unha cuarta parte destes alumnos/as non posúen a nacionalidade española.

En Bacharelato, arredor da metade do alumnado incorpórase ao centro procedente dos centros privados concertados do entorno, e, no curso 2008/09, o instituto conta con autorización para impartir o Diploma de Bacharelato Internacional, unha modalidade de bacharelato máis esixente que pode responder ás necesidades dun tipo de alumnado cunhas determinadas capacidades de traballo, esforzo, dedicación e cuns intereses máis amplos e diversos.

O claustro de profesores está formado por 63 profesores e profesoras, a maioría deles estables no centro e cunha ampla experiencia docente.

En xeral, as familias seguen de forma directa a evolución escolar dos seus fillos/as e manteñen un contacto regular co centro a través dos tutores/as e profesorado.

Coñecer e dar resposta as necesidades específicas do alumnado é un obxectivo que se procura ao abeiro do consello europeo onde se define a educación como un elemento de cohesión social nunha economía europea de coñecemento.

Como **necesidades educativas** podemos destacar:

- Necesidade de deseñar as **medidas de reforzo educativo e apoio nas instrumentais básicas** e nas horas de **exención de Francés**, para o alumnado que presenta dificultades.
- Necesidade de formación de **agrupamentos flexibles** en 1º ESO (LGL, MAT, BX) e 2º ESO (LCL, MAT, XH).
- **Necesidade de diagnóstico** mediante probas, si fose o caso, do alumnado procedente do centro adscrito e doutros centros.

- A partires das reunións da xunta de avaliación inicial, establecer, se fora o caso, novas liñas de actuación.
- **Seguimento** daqueles que xa foron diagnosticados e pertencen a algún grupo de atención á diversidade.
- Entrevistar e **informar a pais/nais** que así o demanden ou que o orientador ou os titores/as o consideren necesario.
- Actualización e modificación do PAT a nova normativa e circunstancias actuais. **Elaboración dun novo Plan de Acción Titorial.**
- Organizar as **actividades complementarias** que se acorden no departamento de orientación para contribuír a mellora dos recursos persoais e grupais.

Dous **obxectivos xerais**:

- 1.- Promover a optimización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe facilitando que se desenvolvan nas mellores condicións.
- 2.- Axudar aos alumnos/as na toma de decisións e na elección de itinerarios académicos ou profesionais ao longo de todo o proceso educativo.

Por todo isto, dende o punto de vista da orientación académica e profesional, unha das nosas metas é ser capaces de asumir estas condicións e dar unha resposta o máis positiva e axeitada posible, ofertando unha boa información e asesoramento; para iso artellaremos medidas e actuacións precisas, que sinalaremos ao longo deste Plan.

O **IES DO CASTRO** no presente curso abrangue os seguintes grupos:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

- 4 Grupos de 1º ESO
- 3 Grupos de 2º ESO
- 3 Grupos de 3º ESO
- 4 Grupos de 4º ESO

BACHARELATOS

- 4 Grupos de 1º de Bacharelato
- 1 Grupo de 1º de Bacharelato internacional (BI)
- 4 Grupo de 2º de Bacharelato
- 2 Grupo de 2º de Bacharelato Internacional (BI)

4. ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO

4.1. Constitución do departamento de orientación. O Departamento está formado, neste curso 2022/2023, polos seguintes membros:

- **María Emilia Martínez Carnero** profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.
- **M^a Paloma Pérez Fernández**, titora do ámbito científico-tecnolóxico.
- **Eva García Fernández**, do ámbito socio-lingüístico.
- **Raquel Pérez Salgado**, xefa do D.O. do CEP “Dr. Fleming”
- **Francisco Javier Piñeiro Vila**, profesor especialista en Psicoloxía e Pedagogía, que asume a xefatura do departamento.

4.2. Funcionamento

Segundo a **Orde de 24 de xullo de 1998**, no funcionamento do departamento de orientación te-ranse en conta as seguintes consideracións:

- Os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán **reunións semanais** na hora destinada para tal fin no seu horario (**mércores 3^o h**).
- Os responsables da orientación nos centros adscritos reuniranse co resto do departa-mento polo menos unha vez por trimestre, para realizar a coordinación e seguimento do Plan de Orientación establecido; e ademais recollerán nun informe anual a avalia-ción do desenvolvemento do mesmo e as modificacións adoptadas, se é o caso, que se incorporarán no anexo da memoria final do centro de Educación Secundaria.
- O departamento de orientación deberá **asesorar ao equipo directivo, aos titores, e ao profesorado** no desenvolvemento do **PAT** e do **POAP**.

Gran parte da nosa actuación se desenvolverá mediante a participación en diversas estruturas do centro. Aquí recolleemos as pautas de coordinación que seguiremos:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica: o Xefe do departamento e a profesora de PT asistirán a todas as reunións da C.C.P., asesorando cando corresponda.
- Xuntas de avaliación: o xefe do departamento asistirá as xuntas de avaliación xunto coa profesora especialista en PT nos cursos en que apoie.
- Equipo Directivo: manteremos un contacto constante co equipo directivo, ao que se comunicarán as actuacións que levamos a cabo, así como a súa finalidade e desenvol-vemento. Este contacto será especialmente directo coa xefatura de estudos.
- Reunións de coordinación con titores: o xefe do departamento de orientación participa-rá en reunións semanais cos titores/as que convoque a xefatura de estudos para coor-dinar e establecer plans de traballo.

4.3. Situación e Recursos Materiais

O departamento dispón dun despacho no edificio, ao lado dos despachos dos membros do equipo directivo e moi cerca da secretaría.

Contamos cos seguintes recursos materiais: dous mobles grandes con estantes, dous archivadores metálicos, unha mesa de traballo xunto a outra para o ordenador, teléfono e diverso material de oficina. Así mesmo, dispomos de algún material psicotécnico, lexislativo e bibliográfico, ademais de cantidade de folletos informativos de todo tipo que haberá que actualizar neste curso.

5. FUNCIONES DO DEPARTAMENTO E OBXECTIVOS XERAIS

O departamento de orientación, como recurso especializado que apoia a labor do centro e do conxunto do profesorado nas tarefas titoriais e de orientación, ten encomendadas unhas funcións que se recollen no **Decreto 120/98** polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas **funcións** son:

- a) **Valorar as necesidades educativas** dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.
- b) **Elaborar**, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do **Plan de Orientación Académica e Profesional** e do **Plan de Acción Tutorial**, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- c) **Participar na elaboración, seguimento e avaliación** dos **Proxecto Educativo** e **Concreción Curricular do Centro**, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando corresponda, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presentan os alumnos e alumnas.
- e) Participar na **avaliación psicopedagóxica** conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de **medidas de atención á diversidade**.
- f) Facilitarlle ao alumnado o apoio e **asesoramento** necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo/etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- g) Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lles faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- h) Cooperar co **EOE** no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

- i) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos de programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos o en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- j) Promover a **cooperación entre o centro e as familias**, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, a construción do autoconceito e da autoestima, e no proceso de toma de decisións.
- k) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- l) Coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

Obviamente, estas funcións serán o referente para o noso traballo, pero consideramos necesario marcar uns **OBXECTIVOS XERAIS** que pretendemos acadar no curso 2022/2023:

OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Colaborar activamente cos diferentes titores/as do centro, na modificación e posta en práctica do Plan de Acción Titorial. Como parte desta colaboración, se lle entrega a cada titor moito do material necesario e subida ao blog de orientación do material de titoría (CASTRORIENTA <https://orientadocastro.blogspot.com/>).
2. Potenciar a Acción Titorial por medio da hora de titoría co alumnado e das reunións dos titores/as co orientador do centro.
3. Realizar unha avaliación de carácter psicopedagóxico daqueles alumnos e alumnas que amosen dificultades de aprendizaxe, integración, etc.
4. Participar na coordinación e posta en funcionamento do Plan de Orientación Académico e Profesional e do Plan Xeral Atención á Diversidade, levando a cabo as actuacións específicas que alí se recollen.
5. Ofrecer aos alumnos/as e as súas familias a orientación académica e profesional máis axeitada.
7. Colaborar cos titores/as na súa relación coas familias.
8. Impulsar a labor do departamento de orientación no centro.
9. Favorecer as accións planificadas para levar a cabo o apoio emocional.

Para intentar acadar estes obxectivos da maneira máis completa realizaremos determinadas actuacións ou accións, que se organizan nos plans que se especifican máis adiante (Plan de Acción Titorial, Plan de Atención a Diversidade e Plan de Orientación Académica e Profesional).

A través deles, o departamento de orientación tratará de contribuír ao desenvolvemento das seguintes **competencias clave**:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia de aprender a aprender.
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

6. ACCIÓNS PRIORITARIAS

6.1. Actuacións respecto ao centro

- Asesorar á comunidade educativa sobre medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade, así como de mellora da convivencia escolar.
- Asistencia ás sesións de avaliación.
- Representar ao departamento de orientación na CCP.
- Coordinación na actuación de mellora da convivencia dos contratos programa, CONVIVE-T.

6.2. Actuacións respecto ao profesorado

- Coñecemento e concienciación das funcións do departamento de orientación e da titoría.
- Elaboración da concreción do plan da atención a diversidade para incluílo na PXA.
- Asesoramento ao profesorado que o demande nas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe, facilitándolles os recursos e instrumentos necesarios.
- Traballar cos departamentos didácticos que o demanden na atención á diversidade.
- Coordinar o desenvolvemento do POAP.
- Asesorar na función titorial.
- Proporcionar información sobre o alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro.
- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e de promoción do alumnado.

6.3. Actuacións respecto ao alumnado

- Realizar avaliacións psicopedagóxicas cando sexan demandadas e necesarias ao criterio do orientador.
- Elaboración ou actualización de informes de aqueles alumnos/as nos que se detecten NEE e seguimento do proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración cos titores do grupo.
- Deseño e desenvolvemento das actividades recollidas na programación do departamento de orientación relativas á orientación persoal, escolar, vocacional e profesional.
- Asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades.

6.4. Actuación respecto das familias

- Facilitarlles o coñecemento do Sistema Educativo e as opcións académicas e profesionais.
- Orientar ás familias individual e colectivamente para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos/as, e asesorarlles na resolución de problemas que poidan xurdir.
- Implicar aos pais e nais en actividades de seguimento, reforzo e apoio educativo.

6.5. Actuación respecto ao centro adscrito

- Colaboración co orientador do centro de procedencia do alumnado para obter os datos necesarios para abordar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación co centro adscrito para abordar a presentación do noso centro ao novo alumnado no cambio de etapa (programa de tránsito de primaria a secundaria – Plan de Acolida).

6.6. Actuación respecto doutros organismos

- Colaboración cos servizos sociais do concello en tarefas relacionadas coa prevención e o desenvolvemento psicosocial dos nosos alumnos/as.
- Contacto e colaboración co EOE e con outros departamentos de orientación da zona.
- Contacto con diferentes organismos: oficina de emprego, servizos de información á mocidade, centros de ensino secundario e universitarios, servizos sociais do concello, servizo de menores da consellería de Familia, Cruz Vermella, Amaina, etc.

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A intervención do departamento levarase a cabo a través dos seguintes ámbitos de actuación:

- **Plan de Acción Titorial.**
- **Plan Xeral de Atención á Diversidade.**
- **Plan de Orientación Académico-Profesional.**

7.1. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL - PAT

O **Plan de Acción Tutorial** é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, seguindo as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica. O PAT debe asegurar que as decisións globais tomadas no proxecto educativo se axusten á realidade de cada grupo e alumno. A coherencia educativa no centro e a concreción dos valores expresados no proxecto serán os seus obxectivos prioritarios.

A titoría ten como **función básicas**, entre outras as seguintes:

- a. Coñecer as aptitudes e intereses dos alumnos/as co obxectivo de orientalos.
- b. Contribuír a establecer relacións fluídas entre o instituto e a familia así como entre o alumnado e a propia institución escolar.
- c. Coordinar a acción educativa de todos os profesores/as que traballan co mesmo grupo.
- d. Coordinar o proceso de avaliación continua do alumnado e resolver sobre o mesmo.

Entendemos o **PAT** (Plan de Acción Tutorial) como unha previsión de actividades que o profesorado do centro en xeral e os tutores/as en particular, van desenvolver (programar, realizar, avaliar) de maneira coordinada, progresiva e sistemática, para acadar unha serie de obxectivos referidos á formación e orientación dos alumnos/as e que se realizará de acordo coas pautas e principios marcados no Proxecto Educativo de Centro, na Concreción Curricular de Centro da etapa e de acordo coas directrices que para os departamentos de orientación marquen cada inicio curso a Consellería de Educación.

Características da acción tutorial:

- A acción tutorial está integrada na máis ampla función orientadora.
- Debe responder ás necesidades e intereses do alumnado.
- Implica a colaboración de todo o profesorado, independentemente das tarefas específicas do titor/a e das funcións concretas do Departamento de Orientación.
- Todo o profesorado é responsable, por tanto, do seguimento do alumnado aínda que o titor/a será quen coordine as accións específicas que se desenvolvan co grupo concreto que lle corresponda.
- A acción tutorial non se limita a unha hora de titoría, a unha ou varias materias, senón que implica a todo o equipo docente e a toda a acción educativa.

7.1.1. Obxectivos Xerais

- Colaborar no desenvolvemento e aplicación do PAT.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do equipo docente.
- Facilitar a labor dos tutores, proporcionándolles recursos e materiais axeitados de modo individualizado en función das características do seu grupo de alumnos/as.
- Orientar aos pais e nais no seu labor educativo.

Liñas xerais de actuación:***Co/a alumno/a:***

- Establecemento dunha relación de confianza co alumnado.
- Recollida de información necesaria para o seguimento persoal de cada alumno/a.
- Coordinación das medidas que se deban tomar en situacións conflitivas dos alumnos/as.
- Custodia dos informes individuais que se establezan.
- Coñecemento dun mesmo e mellora da propia imaxe (autoconcepto e autoestima).
- Contribuír á resolución de conflitos e das dificultades que o alumnado poida ter no seo proceso de aprendizaxe
- Contribuír a un positivo desenvolvemento da personalidade do alumnado, incluíndo aspectos como: valores, aptitudes, habilidades, intereses, rendemento escolar.
- Contribuír á mellora da relación do alumno coa súa familia, así como a mellorar a imaxe que o alumno/a ten dela.
- Control, a través da **axenda** do alumno/a da situación académica e cada materia.

Co grupo-clase:

- Actividades de acollida.
- Normas e organización do grupo. Cohesión do grupo. **Elección de delegado/a**
- Actividades participativas.
- Actividades fomentadoras do sentimento de pertenza ó instituto.
- Actividades de desenvolvemento da intelixencia e habilidades sociais.
- Sesións de pre e post avaliacións.
- Especial fincapé nas **técnicas e hábitos de estudo**.
- Unidades sobre temas transversais.
- Cumprimentar e custodiar a documentación de cada alumno/a, propia da función titorial.

Coa familia:

- Intercambio de información coas familias do alumnado. Carta informativa e de presentación.
- Reunións con pais/nais de grupos determinados de alumnos ou alumnas.
- Cuestionarios de recollida de datos. Entrevista coas familias.
- Colaboración na información ás familias sobre o grado de consecución dos obxectivos programados para as distintas avaliacións.

Co profesorado:

- Actividades de coordinación co equipo docente para asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións facilitando o seu axuste ao grupo, sobre todo nos casos de atención ás necesidades educativas especiais.
- Coordinación do proceso avaliador e de obtención de información sobre o alumnado e sobre o grupo.

7.1.2. Actuacións

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Participar na acollida e coñecemento inicial dos alumnos/as.	Setembro/outubro
Entregar aos titores/as documentación informativa do cumprimento das súas funcións.	Setembro
Informar aos titores/as dos datos máis salientables coñecidos sobre os seus alumnos/as.	Outubro
Participar na avaliación inicial.	Outubro
Participar nas xuntas de avaliación.	Finais de trimestres
Participar nas reunións informativas cos titores/as.	Todo o ano
Deseñar actividades de tutoría encamiñadas a mellorar a relación entre os alumnos/as e a súa convivencia.	1º e 2º trimestres
Colaboración no Programa de Técnicas de estudo.	1º e 2º trimestres
Colaboración no Obradorio de Igualdade.	1º ou 2º trimestre
Coordinación do Programa de Prevención de Drogodependencias.	1º ou 2º trimestre
Colaborar na aplicación dun Programa de Habilidades Sociais	1º ou 2º trimestre
Publicar no blog de orientación diferentes actividades de tutoría.	Todo o ano
Proporcionar aos titores/as o material que precisan para levar a cabo as súas funcións.	Todo o ano

Algunhas actividades posibles a desenvolver na hora semanal de tutoría a través de axentes educativos externos poderían ser:

- **Técnicas de estudo** para a ESO, TITORES e ORIENTADOR.
- Programa de **HHSS e educación emocional para 1º ESO**, AMAINA.
- **Programa de coeducación** para 3º ESO, AMAINA.
- **Educación afectivo sexual para 3º ESO**, QUEROTE +.
- Programas de prevención de drogodependencias para 2º, e 4º ESO, PLDA.
- Outras actividades que poidan aparecer organizada por outros organismos, como por exemplo o Plan Director.

7.2. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE - PXAD

No **Decreto 229/2011, do 7 de decembro** e na **Orde de 8 de setembro de 2021**, que regulan a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, recóllese que ao inicio de cada curso escolar, os departamentos de orientación dos centros elaborarán a proposta da **concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade**, que **formará parte da programación xeral anual**.

Esta concreción realízase en función das necesidades educativas presentadas polo noso alumnado e co obxectivo educativo de conseguir que todo el acade o máximo desenvolvemento persoal e social posible. Isto require que se lle facilite unha educación adaptada á súa singularidade, que se lle garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado como ao centro onde estean escolarizados.

Atendendo ao citado decreto e a orde, e baseándonos no contexto sociocultural no que se atopa o **IES DO CASTRO**, concretamos o noso plan anual cun conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado e tamén as motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todos eles.

-IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

Tal como se reflectiu no **Plan Xeral de Atención á Diversidade** as necesidades abranguen os dous niveis que impartimos no centro: ESO e Bacharelato.

En relación ao alumnado escolarizado xa no noso instituto, e como consecuencia dos seus propios factores de carácter persoal de tipo sociolóxico e psicopedagóxico, atopámonos con diversas tipoloxías referidas ao seu proceso de ensino aprendizaxe: algúns posúen **diferentes intereses académicos e profesionais**, outros con **dificultades permanentes**, ou con **dificultades transitorias de aprendizaxe** por diversos factores (persoal, familiar, social, ...), con **dificultades específicas de aprendizaxe** (situación social e económica desfavorecida, ...), con discapacidade, problemas de conduta, que posúen ritmos de aprendizaxe diferentes, ... Varios alumnos/as co diagnóstico de TDAH, alumnado diagnosticados de TEA, altas capacidades (AACC), DEA, retraso madurativo, dificultades de aprendizaxe, etc.

- OBXECTIVOS

Os **obxectivos** para este curso académico serán:

- Lograr que o proceso educativo se adapte ás necesidades educativas e ás características de todos e cada alumno/a ou grupo.
- Organizar os recursos humanos e materiais co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e en especial a aquel que presenta necesidade específica de apoio educativo.
- Proporcionar ao alumnado estratexias de aprendizaxe para que poida aprender por si mesmo, e desenvolver un pensamento autónomo e crítico.

- Previr as dificultades de aprendizaxe, e asistilas cando xa se produciron, para evitar, na medida do posible, fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos/as, mediante as oportunas adaptacións do currículo.
- Dar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Realizar o seguimento do alumnado que se atopa con RP (APOIO PT), AF, EF, RE e con ACi.
- Axudar a que os alumnos, con carácter xeral, sexan obxecto de seguimento educativo efectivo, en particular aqueles que presentan maiores dificultades.
- Colaborar na avaliación, tanto inicial como procesual, do alumnado.
- Colaborar en que as familias estean informadas do proceso de ensino-aprendizaxe que seguen os seus fillos/as.

- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS ORDINARIAS

Considéranse **medidas ordinarias de atención á diversidade** todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

No noso centro levaranse a cabo:

- ❖ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ❖ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Exames e probas adaptadas segundo as recomendacións dos diversos **protocolos da Consellería**, como: para o **TDAH** no ámbito educativo e sanitario, para la atención educativa al alumnado con discapacidad auditiva, para a intervención co alumnado con TEA, etc.
- ❖ **Reforzo educativo e apoio** do profesorado con dispoñibilidade horaria para o alumnado de 1º e 2º da ESO **exento da segunda lingua estranxeira**: dadas as características do alumnado, este apoio desenvólvese cun reforzo en Lingua Castelá e Literatura en 1º ESO, cun reforzo en Lingua Galega e Literatura en 2º ESO, impartidas por profesorado do departamento correspondente. Este curso contamos con 15 alumnos/as exentos en 1º ESO e 18 alumnos/as de 2º ESO. Ao alumnado ao que se lle aplique esta medida deberán seguir un **Programa de reforzo** con atribución horaria (franja horaria da clase de francés do grupo de referencia) que estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.

❖ **Programas de recuperación** para o alumnado **con materias pendentes** dos cursos pasados. O alumnado que promocionou de curso sen ter superado todas as materias seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao programa.

❖ Os **reforzos educativos (RE)**, que se leven acabo, que afecta a **elementos non prescriptivos** como a metodoloxía do profesorado, secuencia e organización de contidos, secuencia e tipo de actividades, formas e instrumentos de avaliación, agrupamentos dentro da aula ordinaria, etc. serán destinados ao alumnado que ao longo da súa escolaridade presente algunha dificultade de aprendizaxe. Será adoptada polo profesorado da área ou materia na que o alumno ten dificultades, co coñecemento do titor/a e do equipo directivo. Son **desenvolvidas no contexto escolar ordinario** polo profesor/a habitual ou con apoio doutros profesores/as.

Implementación:

A **exención da segunda lingua estranxeira** en 1º de ESO ven determinada pola avaliación final de 6º de educación primaria, o/a titor/a elaborará, contando coa colaboración do xefe de departamento de orientación, o informe que xustifica dita medida. Ditos informes serán trasladados ao departamento de orientación do IES a través dos departamentos de orientación do centro adscrito, xunto coa autorización das familias. Para o alumnado que xa está matriculado na ESO, a exención da 2ª lingua estranxeira, poderá solicitarse ben na sesión de avaliación final, ou ben nas sesións de avaliacións iniciais.

Na avaliación inicial revisaranse as medidas tomadas, e na 1º e 2º avaliación revisarase tamén as diferentes medidas, para tomar as decisións ou modificacións oportunas.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Denomínanse **medidas extraordinarias de atención á diversidade** todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

➤ **Apoio do profesor especialista en Pedagogía Terapéutica** ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, con AC ou con déficits significativos que teñen dificultade para seguir o ritmo da clase ordinaria. O reforzo realizarase na aula de apoio e na aula ordinaria co grupo de referencia, en función das súas necesidades.

➤ **Adaptacións curriculares na ESO:** para o alumnado que precisa unha modificación dos elementos prescriptivos do currículo. Neste curso necesitarán ACS 2 alumnos/as de 1º de ESO en

diferentes materias (basicamente linguas (LGL, LCL, LINGL), en 2º ESO 2 alumnos/as nas materias instrumentais (LGL, LCL, LINGL, MAT, XH, FQ) e en 4º ESO 1 alumno con AC en dúas materias (LINGL, MAT). Pendente de revisión. Realizarase unha reunión coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán o titor/a, o profesorado que imparte ás áreas con adaptación e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica, na que se decidirá a conveniencia da AC. A dirección remitirá a proposta ao servizo de inspección para o seu informe de autorización.

➤ **Agrupamentos flexibles en 1º e 2º ESO (AF).** En 1º ESO agrupamento en **Matemáticas, Lingua Galega e Literatura e Bioloxía e Xeoloxía**. En 2º ESO, o agrupamento será nas materias de **Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia**. Contamos con 10 alumnos/as no agrupamento de 1º ESO, e 7 alumnos/a no agrupamento de 2º ESO.

Implementación:

Cando exista unha demanda de reforzo/apoio educativo, esta será solicitada polo titor ou titora, a partir da folla rexistro de necesidades educativas do alumnado que precisa apoio (*solicitud de intervención*) ao departamento de orientación. Dende o departamento estudarase cada caso individual e determinarase se procede ou non a aplicación do apoio, tendo sempre en conta os criterios de prioridade. O alumnado perceptor da medida de agrupamentos para 1º ESO virá proposto polo equipo de profesores de 6º de primaria. Os de 2º ESO continuidade e proposta do equipo de avaliación.

Criterios de prioridade para casos atendidos polo profesorado de apoio de PT

Partindo dun modelo inclusivo de escola, a diversidade será atendida a través das diferentes medidas deseñadas dentro do **Plan de atención á diversidade**, dirixidos a todo o alumnado. Cando as necesidades do alumnado así o xustifiquen, serán atendidos por polo mestre de pedagogía terapéutica, segundo os seguintes criterios:

- Será atendido en primeiro lugar o **alumnado con necesidade específica de apoio educativo de tipo permanente, alumnado con necesidades educativas especiais**, con informes previos ou valorado polo departamento de orientación, **priorizando os primeiros cursos de ESO**.
- En segundo lugar atenderase ao **alumnado con necesidade específica de apoio educativo de tipo temporal**, para o que, tras ser valorado polo departamento de orientación e como complemento ás medidas de atención ordinaria, se considere necesario esta intervención.
 - Dentro deste grupo de alumnos/as, darase **prioridade ao alumnado dos primeiros cursos da ESO** que presente dificultades escolares relacionadas coas **áreas instrumentais e/ou desfase curricular**, e que xa está recibindo reforzo educativo na aula ordinaria.
 - **Alumnos/as doutros cursos**, que a xuízo do equipo educativo e do departamento de orientación, presenten un desfase curricular significativo e necesiten deste tipo de medidas para garantir a consecución dos obxectivos como complemento ó reforzo dentro da aula.

- En calquera dos grupos anteriores darase **prioridade ao alumnado con Adaptación Curricular**.

Sempre que exista dispoñibilidade horaria, reforzaranse as áreas de máis dificultade, principalmente as **áreas instrumentais** (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas). A área reforzada coincidirá coa que se estea impartindo nese momento no grupo-clase. Poderase utilizar o mesmo material da aula ou outro diferente, en función das características e necesidades do alumnado.

A organización dos reforzos se revisará polo menos tres veces ao longo do curso coincidindo co final do trimestre. **É aconsellable ter en conta o traballo realizado polo alumnado nos reforzos, á hora da avaliación.** A actuación didáctica levada a cabo con este alumnado será deseñada polo profesor/a da materia xunto co mestre/a de pedagogía terapéutica. O/A titor/a xunto co orientador serán os responsables da coordinación de dita actuación didáctica.

- **OUTRAS ACCIÓNS DENTRO DO PXAD**

Ao inicio de curso, trasladarase a información que se considere necesaria ao titor/a do grupo, para que este proceda a comunicalo ao resto do persoal docente, si o considera necesario. No mes de setembro ou outubro o departamento de orientación aplicará o **test BADyG** (competencia cognitiva) a parte do alumnado que se incorpore a 1º ESO.

Coa colaboración da profesora de PT e do profesorado de lingua galega, castelá e matemáticas farase unha **valoración inicial sobre o nivel competencial** en **Linguas e Matemáticas** a través dunha proba. Na avaliación inicial procederemos a informar sobre as características e necesidades do alumnado, decidiranse moitas das medidas a tomar, xustificaranse outras, etc.



A maiores destas medidas, dentro do Plan de Atención á Diversidade:

- Tramítanse as **becas do MECD** para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Confecciónase o **horario** de orientador do centro e o horario do profesor/a PT.
- Revisión dos **expedientes** de alumnado.
- Realízanse as **valoracións e as avaliacións psicopedagóxicas** que son demandadas e as actuacións que delas se derivan: elaboración de informes psicopedagóxicos, derivación aos servizos de Saúde, aos servizos sociais municipais ou da nosa comunidade autónoma, etc.
- Elabóranse pautas e orientacións didácticas e metodolóxicas para o profesorado, en relación ás diversas necesidades que presenta o alumnado. Revisión dos dípticos dos diferentes **protocolos editados pola Consellería** e elaboración de novos dípticos.
- Establécese contacto cos servizos externos: servizos sociais e sanitarios e gabinetes psicopedagóxicos, colaborando no seguimento dos casos e no establecemento das medidas.
- Solicítase a intervención do Equipo de Orientación Específico, cando sexa preciso.

7.2.2. Actuacións**CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Revisar a documentación que presentan os alumnos/as de nova incorporación, a fin de detectar posibles problemas.	Setembro/outubro
Confección do horarios do orientador e da profesora de PT.	Setembro
Tramite das becas do MECED para alumnado con neae.	Setembro
Revisión de expedientes de alumnado de cursos superiores.	Setembro/outubro
Tramitación da documentación para o alumnado exento en francés	Setembro
Participar na avaliación inicial dos alumnos/as, informando aos profesores/as daqueles aspectos máis relevantes dende o punto de vista educativo que coñecemos sobre o alumnado.	Outubro
Para determinado alumnado de 1º ESO, realizarase a aplicación xeral da proba Badyg-M e para todos proba de competencia curricular.	Setembro/outubro
Colaborar co equipo directivo e coa profesora de PT na organización das actividades de apoio, AC e RE para o ACNEAE	Todo o ano, pero especialmente no 1º trimestre.
Commemoración do día Internacional das persoas con discapacidade coa colaboración do alumnado de ESO.	3 de decembro
Commemoración do día internacional do síndrome de Asperger coa colaboración do alumnado axudante-mediador.	18 de febreiro
Commemoración do día internacional do TEA coa colaboración do alumnado axudante-mediador.	2 de abril
Realizar a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as que o precisen.	Todo o curso
Asesorar e colaborar cos titores/as e os distintos departamentos didácticos na realización das ACs que sexan necesarias.	Todo o ano
Asesorar e colaborar cos titores/as e os distintos departamentos didácticos.	Todo o ano
Participar nas reunións coas familias dos alumnos/as con maiores dificultades.	despois de avaliacións
Colaborar co xefe de estudos e os titores na análise dos resultados trimestrais de cada grupo de alumnos.	Despois de cada avaliación
Reunións cos alumnos/as.	Todo o curso

HORARIO PT CURSO 2022/2023

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50				Atención acneae	Atención acneae
9:50-10:40		Atención nais/pais	Atención acneae	Atención acneae	Atención acneae
10:40-11:30	Atención acneae	Atención acneae	Reunión D.O.	Atención acneae	
11:30-12:00		Garda convivencia			Atención acneae
12:00-12:50	Atención acneae	Atención acneae	Atención acneae		Atención acneae
12:50-13:40	Coordinación igualdade		Atención acneae	Atención acneae	
13:40-14:30	Atención acneae	Atención acneae		Atención acneae	

HORARIO ORIENTACIÓN – IES DO CASTRO**CURSO 2022/2023**

hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º 9.00-9.50				T.P.	T.P.
2º 9.50-10.40	T.A.	REUNIÓN TITORÍA 4º ESO	D.O.	D.O.	D.O.
3º 10.40-11.30	D.O.	D.O.	Reunión D.O.	X.D.	D.O.
11.30-12.00	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO		ATENCIÓN ALUMNADO
4º 12.00-12.50	D.O.	REUNIÓN TITORÍA 1º ESO	D.O.		REUNIÓN TITORÍA 2º ESO
5º 12.50-13.40	D.O.	REUNIÓN TITORÍA 3º ESO	D.O.		
6º 13.40-14.30					

7.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL - POAP

O alumnado que cursan a ESO e o bacharelato teñen que tomar decisións de carácter vocacional que van afectar de xeito importante ao futuro das súas vidas, e por iso, faise imprescindible a orientación académica e profesional. O proceso de toma de decisións nesta etapa, esixe que o alumno integre a representación de si mesmo e a información que posúe do mundo socio-laboral, confrontándoas ata chegar a unha decisión final. A continuación descríbense os obxectivos xerais e os principais ámbitos de actuación do Plan de Orientación Académico-Profesional.

A finalidade do plan é facilitar a toma de decisións responsable do alumno/a ao longo de toda a escolaridade, con momentos de especial énfase e atención nos momentos en que este/a debe elixir entre diferentes opcións ou itinerarios académicos (fundamentalmente 3º e 4º de ESO e 2º Bacharelato)

7.3.1. Obxectivos Xerais

- Coordinar a orientación académica e profesional dos alumnos/as ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente nos cambios de ciclo ou curso e ante a elección de distinta índole.
- Fomentar no alumnado o coñecemento de si mesmo.
- Informar aos alumnos/as e ás familias sobre as diferentes opcións educativas e laborais.
- Fomentar o coñecemento do contorno máis inmediato.
- Favorecer a madurez vocacional.
- Facilitar ao alumnado o desenvolvemento de estratexias para o proceso de toma de decisións.
- Fomentar a elaboración dun proxecto de vida e as habilidades para conseguilo.
- Favorecer a transición á vida activa e laboral.

7.3.2. Actuacións**CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Organizar visitas para coñecer os ciclos formativos.	2º/3º trimestres
Actualizar o taboleiro de opcións académicas e profesionais.	Todo o curso
Proporcionar información sobre probas de acceso a ciclos.	Todo o curso
Contactar co departamento de orientación laboral do Servizo Galego de Colocación dentro do programa de transición á vida activa.	3º trimestre
Charlas co alumnado da ESO sobre o acceso aos ciclos de grao medio ou ao bacharelato.	3º trimestre
Charla-informativa co alumnado de bacharelato sobre o acceso a ciclos de grao superior, á Universidade e ABAU.	3º trimestre
Programa de toma de decisións en 4º ESO, así como 2º Bacharelato.	3º trimestre
Aplicación dun cuestionario ao alumnado sobre as súas preferencias ao rematar a etapa.	3º trimestre
Proporcionar aos titores/as o material que precisan para levar a cabo as súas funcións.	Todo o curso
Publicar no blog (http://orientacastro.blogspot.com.es/) diferentes información académica e profesional	Todo o ano
Reunións cos alumnos/as ou familias.	Todo o curso

Actuacións:

Aportar ao alumnado, mediante charlas informativas, actividades na hora semanal de tutoría, paneis informativos no centro, atención ao alumnado por parte do orientador durante os recreos de luns, martes, mércores e xoves, e saídas para coñecer outros centros educativos ou feiras de orientación profesional (sempre que se poda asitir).

Elaboración do consello orientador

O titor/a, na xunta de avaliación co equipo docente escoitado o alumnado, pais/nais e tódolos compoñentes da xunta, sempre sen pechar portas ó futuro.

7. TEMPORALIZACIÓN

O desenvolvemento do **Plan de Orientación** está previsto para un curso académico. Nos diferentes plans de intervención establécese un calendario de actividades.

8. METODOLOXÍA

A metodoloxía dependerá da actividade concreta a realizar nas distintas intervencións, pero en liñas xerais optaremos por unha metodoloxía activa, participativa, interactiva e construtiva; que parta das ideas previas do alumnado, para favorecer aprendizaxes funcionais, significativas e construtivas.

Empregaremos diferentes tipos de agrupamentos (gran grupo, pequeno grupo e traballo de maneira individualizada) para desempeñar traballos cooperativos; así como diferentes técnicas de dinámica de grupos, aprendizaxe por modelado, aprendizaxe por descubrimento e autoinstrucións. Todo iso facilitado por medio da mediación do profesor.

9. RECURSOS

Os recursos, de xeito xeral, serán de varios tipos:

- **Humanos:** titores/as, profesores/as, xefe de estudos e resto do equipo directivo, orientador, alumnado, técnicos de diferentes organismos educativos e culturais, etc.
- **Materiais:** espazos, material audiovisual, materiais escritos, cadernos de titoría, diferentes test, bibliografía de todo tipo, blog de orientación (CASTRORIENTA), etc.

10. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E INFORME FINAL DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación é un elemento consubstancial á actividade educativa e orientadora. O seguimento e avaliación será responsabilidade dos equipos de titores, co asesoramento e apoio do departamento de orientación. O presente plan de orientación educativa se avaliará ó longo de todo o curso. Esta avaliación nos servirá para:

- a) Valorar en que medida acadamos os nosos obxectivos iniciais.
- b) Coñecer mellor o impacto das actuacións orientadoras.
- c) Suscitar melloras constantes na planificación, deseño e posta en práctica das actividades de orientación.

Co obxecto de coñecer a efectividade dos programas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades,...) que fosen susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo unha avaliación específica a través dos métodos:

- ✓ Contrastando as experiencias mediante discusións dos equipos de titores.
- ✓ Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos ao alumnado, pais e profesorado.
- ✓ Realizando estudos de seguimento dos alumnos.

Os criterios básicos que establecemos serán:

- A labor orientadora foi coñecida por todos os destinatarios da mesma (alumnos/as, titores, profesores, xefe de estudos, familias).
- Os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.
- A prestación do servizo é apreciada polos usuarios.

Unha vez avaliado, ao finalizar o curso, elaborárase a memoria onde se reflicten os logros e dificultades atopadas, así como os aspectos que incidan positiva ou negativamente no desenvolvemento do plan de traballo. Esta memoria final incluírá unha reflexión sobre o desenvolvemento das actividades planificadas e a valoración global do cumprimento do Plan de Orientación. En concreto na memoria recolleranse os seguintes aspectos:

- a) Actividades realizadas e o seu nivel de eficacia.
- b) Valoración global dos logros acadados nos obxectivos xerais.
- c) Análise das dificultades atopadas.
- d) Propostas de modificación e aspectos en que é preciso innovar.

Vigo, 28 de setembro de 2022

Xefe do Departamento de Orientación
Francisco Javier Piñeiro Vila

ANEXO I: PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES 2022/2023**PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

1º e 2º ESO

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO			Acollemento (Presentación)	Acollemento (Presentación)
OUTUBRO	Coñecemento (Cuestionario Inicial)	Preparación da Elección de Delegado/a	Elección de Delegado/a	
NOVEMBRO	Convivencia e normas (aula/centro)	Hábitos e técnicas de estudo (1)	Hábitos e técnicas de estudo (1)	Hábitos e técnicas de estudo (1)
DECEMBRO	Hábitos e técnicas de estudo (1)	Sesión pre-avaliación		
XANEIRO		Sesión post-avaliación		
FEBREIRO				Avaliación programa drogas
MARZO	Sesión pre-avaliación	Dinámicas grupais		Dinámicas grupais
ABRIL	Sesión post-avaliación	Programa HHSS		Programa HHSS
MAIO	Programa HHSS	Orientación académica	Orientación académica	Orientación académica
XUÑO		Sesión pre-avaliación	Avaliación final do Plan	

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**3º e 4º ESO**

	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
SETEMBRO			Acollemento (Presentación)	Coñecemento (Cuestionario Inicial)
OUTUBRO	Preparación da Elección de dele- gado/a	Elección de dele- gado/a		Convivencia e normas (aula/centro)
NOVEMBRO	Hábitos e técni- cas de estudo (1)	Hábitos e técni- cas de estudo (1)		
DECEMBRO	Hábitos e técni- cas de estudo (1)	Sesión pre- avaliación		
XANEIRO		Semana da orien- tación Sesión post- avaliación		
FEBREIRO				
MARZO	Info acceso ciclos G. Medio	Dinámicas gru- pais		Dinámicas gru- pais
ABRIL	Sesión post- avaliación	Programa toma decisións		Programa toma decisións
MAIO	Programa toma decisións	Orientación académica- profesional	Orientación académica- profesional	Orientación académica- profesional
XUÑO	Orientación académica- profesional	Sesión pre- avaliación	Avaliación final do Plan	

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
BACHARELATO

SETEMBRO	Acollemento (Presentación)
OUTUBRO	Elección de delegado/a. Convivencia e normas
NOVEMBRO	
DECEMBRO	
XANEIRO	Información probas de acceso Ciclos G. Superior
FEBREIRO	
MARZO	
ABRIL	Información universidade, ABAU
MAIO	Orientación académica-profesional
XUÑO	

ANEXO II: PREVISIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
CURSO 2022/2023

Estas actividades están incluídas na Programación do Departamento

Departamento		
1º Trimestre	Actividades	Grupos
D.O.	Visitas a EDUGAL	4º ESO
	Visitas a UNITOUR	1º BACH
2º Trimestre	Actividades	Grupos
D.O.	VISITA A USC – PROGRAMA A PONTE	1º BACH
3º Trimestre	Actividades	Grupos
D.O.	VISITA AO CUVI	2º BACH
	Xornada convivencia 1º ESO	1º ESO
	Xornada convivencia 2º ESO	2º ESO
	XORNADA DE MEDIACIÓN - CONVIVENCIA	MEDIADORES
	OUTRAS ACTIVIDADES QUE POIDAN XURDIR AO LONGO DO CURSO.	

Vigo a 15 de setembro de 2022

Asdo. Xefe do Departamento de Orientación